

XI *Edición Premios* FERROL TERRA EMPRENDE



PRESENTACIÓN

XI EDICIÓN PREMIOS FERROLTERRA EMPRENDE

A Asociación de Jóvenes Empresarias/os de Ferrolterra, Eume e Ortegal nace no ano 2003 a iniciativa dun grupo de empresarias/os que se unen non só para representar e defender os intereses profesionais dos seus membros senón tamén, para promover e fomentar a cultura empresarial e emprendedora das Comarcas, coa finalidade de estimular o autoemprego e contribuír dalgún xeito a mellorar a situación económica e industrial actual.

Dende esta posición privilexiada de contacto continuo e acercamento co colectivo empresarial e emprendedor da comarca, AJE Ferrolterra vai organizar a **XI Edición Premios Ferrolterra Emprende** co obxecto de recoñecer e premiar a labor das/os empresarias/os que co seu esforzo contribúen a xerar riqueza e xerar emprego na sociedade e, por outra banda, servir de apoio e referencia aos/as emprendedores/as que comezan a súa andaina empresarial.

As/os premiadas/os desta edición, igual que en anteriores, beneficiaranse da posibilidade de optar ao Premio Xove Empresario de Galicia, que organiza cada ano a Federación Galega de Xoves Empresarios (FEGAXE) e que na súa próxima edición no 2026 se celebrará en Ferrol.

Este evento terá lugar o **02 de OUTUBRO** ás 19:30 no Castelo de San Felipe ([Ferrol](#)).

Ademais consideramos que é unha oportunidade de comunicación e conexión na traxectoria de todas/os as/os nosas/os asociadas/os, por elo cremos moi valioso contar coa vosa presenza para intercambiar intereses e inquiredanzas que é realmente o verdadeiro obxecto de AJE Ferrolterra.

BASES DO CONCURSO

X EDICIÓN PREMIOS FERROLTERRA EMPRENDE

PRIMEIRA: REQUISITOS DOS/AS CANDIDATOS/AS

- **Non teren cumpridos os 41 anos á data de presentación da súa candidatura aos premios.**
- A empresa terá **domicilio social** na Comarca de Ferrolterra, Eume ou Ortegal.
- O **capital social** das empresas candidatas deberá estar participado nun **20%** como mínimo por **persoas físicas menores de 41 anos**.
- A empresa non poderá estar participada por entidades ou empresas de titularidade pública.

Os membros de Xunta Directiva de AJE Ferrolterra quedan excluídos como candidatos ao Premio.

Os proxectos presentado en outros anos coma proxectos emprendedores poden presentarse nesta edición coma proxectos na categoría de empresarios/as. Poden ser tanto autónomos/as coma sociedades ou calquera outra forma xurídica.

SEGUNDA: PREMIOS

Nesta edición, os Premios Ferrolterra Emprende comprenden catro categorías:

- **Premio Xove Empresario/a 2026.**
- **Premio Iniciativa Emprendedora 2026.**
- **Dúas categorías adicionais**, que serán determinadas polo xurado entre as seguintes modalidades:
 - Premio á Segunda Liña de Negocio.
 - Premio ao Relevo Empresarial.
 - Premio á Responsabilidade Social Corporativa.
 - Premio á Innovación.
 - Premio á Internacionalización.

- Premio á Sustentabilidade.
- Premio á Creación de Emprego.

As dúas categorías adicionais serán seleccionadas polo xurado en función das características das candidaturas presentadas e da realidade empresarial do territorio, co obxectivo de poñer en valor distintos aspectos do desenvolvemento empresarial.

- **Premio Xove Empresario/a 2026:** empresaria/o ou emprendedora/or cuxa data de constitución da empresa sexa anterior ao 1 de xaneiro de 2025.
- **Premio Iniciativa Emprendedora 2026:** empresaria/o ou emprendedora/or cuxa data de constitución da empresa sexa posterior ao 1 de xaneiro de 2025.
- **Categorías adicionais:** recoñecerán aquelas empresas ou iniciativas que destaquen especialmente no ámbito correspondente á modalidade seleccionada polo xurado para a edición 2026.

TERCEIRA: ÁMBITO TERRITORIAL

As empresas candidatas deberán ter establecemento mercantil nas comarcas de Ferrolterra, Eume ou Ortegal.

CUARTO: PROCEDEMENTO DO CONCURSO

Unha vez rematado o prazo de presentación das candidaturas, **mércores 23 de setembro do 2026 ás 23:59**, os membros do xurado elixirán nunha reunión para tal efecto as/aos gañadoras/es de esta edición. No caso de existir un número elevado de candidaturas a Asociación resérvase o dereito de realizar unha preselección dos proxectos.

QUINTO: CRITERIOS DE VALORACIÓN

O Xurado contará con ampla liberdade de criterio para a valoración das candidaturas e a concesión dos premios, tendo en conta, entre outros, os seguintes aspectos:

- **Premio Xove Empresario/a 2026**
 - Calidade da actividade empresarial.
 - Capacidade de innovación e adaptación ao mercado.
 - Traxectoria e permanencia sostible da empresa.

- Creatividade e visión estratéxica.
 - Implantación de procesos de mellora continua e calidade.
 - Desenvolvemento de procesos de expansión e crecemento.
 - Creación e mantemento de emprego.
 - Recoñecementos ou distincións obtidos a nivel local, autonómico, estatal ou internacional.
- **Premio Iniciativa Emprendedora 2026**
 - Carácter innovador do proxecto empresarial.
 - Creatividade e diferenciación da iniciativa.
 - Viabilidade técnica, económica e financeira.
 - Coñecemento do mercado e capacidade de resposta ás súas necesidades.
 - Potencial de crecemento e consolidación.
 - Sustentabilidade do modelo de negocio.
 - Impacto económico e social no territorio.

Premios de categoría específica

Nas dúas categorías adicionais que determine o xurado para cada edición, valoraranse especialmente aqueles aspectos relacionados coa modalidade correspondente. Entre outros, poderán terse en conta os seguintes criterios:

- **Premio á Segunda Liña de Negocio:** diversificación da actividade, desenvolvemento de novos produtos ou servizos e impacto da nova liña no crecemento empresarial.
- **Premio ao Relevo Empresarial:** continuidade dunha empresa ou actividade económica preexistente mediante sucesión familiar, transmisión empresarial ou adquisición do negocio, garantindo a súa permanencia, desenvolvemento, mantemento do emprego e contribución ao tecido económico do territorio.
- **Premio á Responsabilidade Social Corporativa:** desenvolvemento sostible, igualdade de oportunidades, conciliación, compromiso coa comunidade, respecto ambiental e contribución aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).

- **Premio á Innovación:** desenvolvemento de solucións innovadoras, actividades de investigación e desenvolvemento, mellora de procesos, transformación dixital e aplicación de tecnoloxías avanzadas.
- **Premio á Internacionalización:** apertura a novos mercados, capacidade exportadora, presenza internacional e estratexias de expansión exterior.
- **Premio á Sustentabilidade:** implantación de medidas ambientais, eficiencia enerxética, economía circular e redución do impacto ambiental.
- **Premio á Creación de Emprego:** xeración de postos de traballo estables e de calidade, impacto no emprego local e contribución ao desenvolvemento socioeconómico do territorio.

O Xurado poderá valorar calquera outro aspecto que considere relevante para determinar a excelencia das candidaturas presentadas en cada categoría.

SEXTA: XURADO

O Xurado dos Premios Ferrolterra Emprende 2026 estará constituído por membros da Xunta Directiva de AJE Ferrolterra, representantes das empresas patrocinadoras e persoas representantes das entidades colaboradoras que sexan designadas pola Xunta Directiva de AJE Ferrolterra, como entidade organizadora da iniciativa.

A composición definitiva do Xurado será determinada pola organización e comunicarse con anterioridade á súa reunión de deliberación.

As decisións do Xurado serán inapelables e adoptaranse por maioría simple. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da Presidencia do Xurado.

Para a valoración das candidaturas, os membros do Xurado analizarán a documentación presentada polas persoas e empresas participantes, realizando unha avaliación individual conforme aos criterios establecidos nas presentes bases. Posteriormente, reunirse o Xurado para deliberar e determinar as candidaturas gañadoras en cada unha das categorías convocadas.

O fallo do Xurado darase a coñecer durante o acto de entrega dos Premios Ferrolterra Emprende 2026, que terá lugar o día 2 de outubro de 2026. Xurado que emitirá o fallo estará composto por diversas personalidades do mundo empresarial, financeiro e institucional que se irán actualizando a medida que a organización confirme ditos servizos. Entre elas figurarán presidentes e presidentas de entidades locais e provinciais, representantes de universidades e organismos públicos, así como membros das empresas patrocinadoras.

As decisións do Xurado serán inapelables e adoptaranse por maioría simple. No caso de empate decidirá o voto de calidade o Presidente/a do Xurado.

SÉTIMA: DOCUMENTACIÓN

As candidaturas deberán presentar a seguinte documentación obrigatoria:

- A) **Anexo I ou Anexo II**, segundo a categoría principal á que se presente a candidatura:
 - Anexo I: Premio Xove Empresario/a.
 - Anexo II: Premio Iniciativa Emendedora.
- B) **Declaración xurada** de veracidade dos datos achegados, segundo o modelo facilitado por AJE Ferrolterra.
- C) **Documento Nacional de Identidade** (DNI/NIE) da persoa solicitante ou representante legal da empresa.
- D) **Certificados acreditativos de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, incluíndo:
 - Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
 - Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS).
 - Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA)
- E) **Logotipo da empresa** en formato dixital para a súa difusión en medios de comunicación, páxina web, redes sociais e materiais relacionados co evento.
- F) **Fotografía da persoa candidata ou do equipo promotor**, para a súa utilización nas accións de comunicación e difusión dos Premios Ferrolterra Emprime 2026.

A presentación da documentación anterior non exclúe a realización de comprobacións posteriores nin o requirimento de documentación complementaria por parte de AJE Ferrolterra para verificar a información achegada polas candidaturas.

As empresas participantes poderán achegar **toda aquela documentación adicional que consideren de interese para a correcta avaliación da súa candidatura**.

Será valorada positivamente a achega de documentación complementaria que permita acreditar méritos, logros, recoñecementos, certificacións, resultados empresariais, actuacións destacadas ou calquera outra información relevante relacionada cos criterios de valoración dos premios e coas categorías específicas que poidan ser seleccionadas polo Xurado para a edición 2026.

Así mesmo, **poderán presentarse de forma voluntaria** documentos como: informes económicos, plans de empresa, memorias de actividade, documentación relativa a procesos de innovación, internacionalización, sustentabilidade, responsabilidade social corporativa, creación de emprego ou calquera outra actuación que contribúa a reforzar a candidatura presentada.

Co fin de facilitar a preparación e presentación das candidaturas, as persoas interesadas poderán solicitar asesoramento e apoio á Xunta Directiva de AJE Ferrolterra para resolver dúbidas relacionadas coa documentación requirida e co procedemento de participación.

A atención ás candidaturas prestarase en horario de 9:00 a 13:00 horas a través dos seguintes medios de contacto:

- Teléfono: 634 164 508
- Correo electrónico: info@ajeferrolterra.org

NOVENA: ACTO DE ENTREGA

Os galardóns serán entregados no transcurso da Gala dos Premios Ferrolterra Emprende 2026, que terá lugar o venres 2 de outubro de 2026, ás 19:30 horas, no Castelo de San Felipe (Concello de Ferrol).

Este acto constituirá o evento oficial de entrega dos premios e reunirá representantes do tecido empresarial, institucional e social da comarca, coa finalidade de recoñecer e poñer en valor o talento, o emprendemento e a excelencia empresarial de Ferrolterra.

DÉCIMA: CONFIDENCIALIDADE DO XURADO

De conformidade co disposto na normativa vixente en materia de protección de datos persoais, os datos facilitados polas persoas participantes serán tratados por AJE Ferrolterra coa finalidade exclusiva de xestionar a súa participación na XI Edición dos Premios Ferrolterra Emprende, así como todas aquelas actuacións derivadas da súa organización, desenvolvemento, promoción e difusión.

A presentación da candidatura implica o consentimento para o tratamento dos datos persoais achegados nos termos previstos nas presentes bases. En ningún caso os datos serán utilizados para finalidades distintas das relacionadas coa convocatoria dos premios nin serán cedidos a terceiros, agás nos supostos legalmente previstos.

As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos datos mediante

solicitude dirixida a AJE Ferrolterra, no enderezo Cantón de Molíns, 8-9, Entrechán, ou a través do correo electrónico info@ajeferrolterra.org, acompañando copia dun documento acreditativo da súa identidade.

AJE Ferrolterra comprométese a adoptar as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a confidencialidade, integridade e seguridade dos datos persoais tratados